

CROQUIS DE ACCESO CONCENTRACION



Mutuasport, a mutua dos cazadores, dirixida exclusivamente **POR e PARA** Cazadores, que sabemos cales son as súas necesidades, ofrecémoslle unha interesante variedade de seguros de caza.

- **INFÓRMESE NA SÚA SOCIEDADE OU NAS NOSAS OFICINAS -**
FEDERACIÓN GALEGA DE CAZA NA CORUÑA
Rúa Vila de Caión, 27 Baixo 2 A, 15100 - CARBALLO (A CORUÑA) Tfno 981
702957, Fax.: 981 755074
E-mail: coruna@federaciongalegadecaza.com

CAMPIONATO PROVINCIAL DE CAZA MENOR CON CAN



XUNTA
DE GALICIA



DEPORTE
GALEGO



2 de novembro de 2013
TECOR C-10100 "NARAHIO" SAN
SADURNIÑO (A Coruña)

ORGANIZA:
FEDERACIÓN
GALEGA DE CAZA
NA CORUÑA

COLABORA:
SOCIEDADE DE CAZADORES
DE NARAHIO

XURADO TÉCNICO E DIRECTOR DA PROBA

DON RAMÓN BERTOIA SUAREZ

PARTICIPACIÓN E INSCRICIÓN

Poderá participar 1 representante por cada sociedade de caza federada, que deberán de inscribirse cun Xuíz. (Os xuíces deberán de reuni-las condicións físicas necesarias para acompañalo participante durante a competición).

As inscricións poden realizarse, ata as 20,00 horas do día 29 de outubro de 2013, a través de teléfono 981-702957, Fax: 981 755074, E-mail (coruna@federaciongalegadecaza.com), ou ben persoalmente na sede da Federación de Caza. No momento de formalizala inscrición os participantes deberán presentar un certificado ou acta da sociedade de cazadores que representan, onde consten os seguintes datos: nome e apelidos, nº de DNI e nº de Licencia Federativa do participante e do xuíz, así como nome do can, raza e sexo (xúntase modelo)

PREZO DE INSCRICIÓN: 50 €uros (incluído xantar do participante e do xuíz)

As inscricións deberán abonarse ata o día 29 de outubro, en efectivo na sede da Federación ou nas entidades financeiras:

Novagalicia banco: 2080-5482-82-3040103251.

Banco Pastor: 0072-0105-72-0000103596

Banco Santander: 0049-4885-81-2216299247

XURADO DE COMPETICIÓN

Nomearase o mesmo día no lugar da proba

SORTEO DE XUÍCES E DORSAIS

O sorteo celebrarase o día 30 de outubro, ás 12 horas, na sede da Federación Galega de Caza na Coruña

REGULAMENTO

O Campionato Provincial de Caza Menor con Can rexerase polo actual Regulamento de Caza Menor da Real Federación Española de Caza e Normas complementarias da Federación Galega de Caza, sendo necesario que tódolos participantes (concursantes e xuíces) estean en posesión da Licencia Federativa en vigor).

PROGRAMA

DÍA: 2 de novembro de 2013

LUGAR: A competición desenvolverase no tecor C-10100 "NARAHIO" da Sociedade de Cazadores Narahio, no concello de San Sadurniño.

HORARIOS

08,00 horas.- Concentración no bar **CASAL** (teléfono 981 490 690), situado en Igrexafeita - San Sadurniño.

9,00 horas.- Comezo da competición

14,00 horas.- Chegada de participantes ao control.

15,00 horas.- Clausura da Competición e entrega de premios no local social de Ferreira, do mesmo concello de San Sadurniño.

Os 6 primeiros clasificados representarán á provincia da Coruña no Cpto Galego da modalidade.

O Comité organizador resérvase o dereito a modifica-lo presente Programa se circunstancias excepcionais así o aconsellan.